

DECRETO NÚMERO 12008607

**Ilmo. Sr. D. Francisco José Fraga López, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Modernización Administrativa,
Lugo, o once de outubro de 2012**

O igual que no ano 2011 e dentro da programación dos actos para a celebración do día de Santos do presente ano no Cemiterio municipal de San Froilán, e co fin de fomentar o engalanamento do recinto para esta data que sirva de homenaxe a todos os veciños e veciñas que alí repousan, está prevista a convocatoria dun concurso de adobíos florais das unidades de enterramento, sendo preciso establecer as bases polas que se rexerá.

De conformidade co cal e en virtude das atribucións conferidas ao Alcalde no artigo 124.n e g) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, así como nos arts. 185 e 186 do R.d. legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e en virtude da delegación da Alcaldía conferida no seu Decreto número 60/2011 do libro de resolucións,

RESOLVO:

Primeiro: convocar un concurso de adobíos florais das unidades de enterramento do Cemiterio Municipal de San Froilán.

Segundo: aprobar as bases polas que o regulará, que serán as que a continuación se especifican:

1. O concurso está aberto á participación de todas as persoas concesionarias de unidades de enterramento no Cemiterio Municipal de San Froilán.
2. As persoas participantes poderanse inscribir no 010, na oficina do Encargado do Cemiterio ou nas oficinas municipais de Cemiterio ou a través da páxina Web do concello www.lugo.es, indicando o nome e apelidos e número de DNI da persoa titular da concesión administrativa ademais do número e sección na que se sitúa.
3. O prazo de inscrición estará aberto ata o día 1 de novembro ás 16:00 horas.
4. Valorarase a creatividade, imaxinación, harmonía e sintonía dos adobíos co contorno, e será obrigado o respecto ao recinto e ao contexto no que se realiza o concurso.
5. Establécense os seguintes premios, segundo as categorías que se indican:
 - a) Sepulturas e mausoleos:
 - I Premio 100 euros.
 - II Premio 50 euros.
 - b) Nichos:
 - I Premio 50 euros.
 - II Premio 25 euros.

Cemiterio

ARH/lrvn

Refª: dec411-12

Asunto: concurso adobíos florais

6. O fallo do concurso terá lugar o día 2 de novembro ás 11:00 horas no Cemiterio Municipal de San Froilán.
7. O xurado estará integrado por D. Serafín Saavedra Pajón, Encargado do Cemiterio, Dª. Amparo Rubinos Hermida, Xefa da Sección de Estatística e Cemiterio e pola funcionaria Dª. Natalia Rodríguez Alvaredo, e resérvase a facultade de declarar deserto o premio, no caso de que ningunha das unidades de enterramento inscritas reúna os méritos suficientes.
8. O xurado resolverá calquera incidencia que puidese xurdir durante o concurso, e terá plena potestade para interpretar estas bases. O seu fallo será inapelable, e non poderá repartir un premio entre dous ou máis participantes.
9. O feito de participar no concurso implica a aceptación de todas e cada unha das cláusulas destas bases. O seu incumprimento levará implícita a descalificación no concurso.
10. A entrega de premios realizarase no lugar e data que se determine, que será indicada xunto co fallo do xurado.

Terceiro: aprobar o gasto por un importe de 225 euros para o financiamento dos premios establecidos na base 5 do Concurso de Adobíos florais das unidades de enterramento do Cemiterio de San Froilán, convocado de conformidade co disposto nos parágrafos primeiro e segundo deste decreto.

Cuarto: Este acto será publicado no Taboleiro de Edictos, no taboleiro do servizo de cemiterio, na páxina web, así como calquera outro medio que contribúa á unha óptima difusión.

Cúmprase.